

A ocasiÃ³n caboverdiana

Description

Jorge Carlos Fonseca foi elixido novo presidente caboverdiano na segunda rolda das eleccÃ³ns celebradas o pasado 21 de agosto. A vitoria de Fonseca, do opositor MPD (Movemento pola Democracia), de signo liberal, confirma a normalidade dun novo episodio de alternancia no arquipÃ©lago, exaltando a condiciÃ³n modÃ©lica da democracia caboverdiana nun continente colapsado por guerras e conflitos de diversa orde.

CÃ³mpre lembrar que nas anteriores presidenciais, o vitorioso Pedro Pires, do PAICV (Partido Africano para a Independencia e Cabo Verde), gaÃ±ou ao seu opoÃ±ente por unha diferenza de sÃ³ 12 votos. Desta vez, pese a que na primeira volta as expectativas favorecÃ³an ao candidato oficialista, Manuel Inocencio Sousa, ex ministro de asuntos exteriores, na segunda, as porcentaxes foron do 54 fronte a 45,9 a favor de Fonseca. Os resultados, recoÃ±ecidos de inmediato polas partes e saudados como limpos polas misiÃ³ns da UA (UniÃ³n Africana) e da CEDA (Comunidade EconÃ³mica dos Estados da Ãfrica Occidental), abren un novo tempo polÃ­tico que non obstante seguirá xirando arredor dos dous grandes protagonistas da vida caboverdiana das tres Ãºltimas dÃ©cadas.

Nas lexislativas celebradas en febreiro, o PAICV obtivera case o 51 por cento dos sufraxios. Puidera ter influÃ­do nestes resultados de agosto a desercÃ³n das sÃºas filas do ex presidente da Asemblea Nacional, Aristides Lima, quen concorreu por libre na primeira volta. A mobilizaciÃ³n electoral na segunda foi superior en case seis puntos Ã primeira, e iso a pesar de importantes inclemencias meteorolÃ³xicas que mesmo obrigaron a suspender o proceso en Paul, na illa de Santo Antao.

O prestixio continental de Cabo Verde Ã froito dunha clase polÃ­tica que hai trinta anos soubo sintonizar cos cambios en curso na escena internacional e establecer bases sÃ³lidas para organizar un *modus vivendi* tan natural como exemplar. Igualmente devÃ©n dunha xestiÃ³n econÃ³mica con claroscuros pero que no seu conxunto revela datos positivos, sen situaciÃ³ns sociais degradadas, especialmente tendo en conta a sÃºa escaseza de recursos naturais. En suma, un modelo de gobernanza que concita natural admiraciÃ³n na sÃºa contorna.

Por iso, un paÃ­s pequeno como Cabo Verde, cunha diÃ¡spora moi relevante (dobra a poboaciÃ³n residente no arquipÃ©lago), a quen se lle asegura a posibilidade de votar nos comicios (e polo mesmo, dada a sÃºa envergadura, condicionar facilmente o resultado), Ã quen de gozar de boa reputaciÃ³n en todo o mundo e mesmo a pesar da sÃºa reducida dimensiÃ³n gaÃ±ar relevancia e proxecciÃ³n como demostrou a mediaciÃ³n desenvolvida no conflito de CÃ´te d'Ivoire (JosÃ© Brito a instancias da UA). Non Ã© o tamaÃ±o o que mÃ¡is importa.

A presenza caboverdiana en Galicia xunto coa dimensiÃ³n do propio paÃ­s (algo mÃ¡is de medio millÃ³n de persoas), cunha realidade econÃ³mica moderadamente optimista e unha relaciÃ³n crecente entre ambas sociedades (pesca, enerxÃ­a, turismo, servizos, cooperaciÃ³n ao desenvolvemento, etcÃ©tera), constitÃºen sÃ³lidos argumentos para que tamÃ©n desde aquÃ­ arbitremos unha estratexia integral.

Esa perspectiva, bosquexada hai uns anos con visitas institucionais a Galicia da mÃ¡xima relevancia, foi practicamente abandonada. Minorizada e aqueixada de "grandemanÃ­a", a nosa paradiplomacia deberÃ­a preocuparse de tirar proveito destas ocasiÃ³ns afianzando un espazo internacional propio e apropiado que nos ofrezca oportunidades de desenvolvemento mais alÃ¡ dos eidos tradicionais, diversificando riscos e tendendo pontes cara escenarios de indubidable alcance estratÃ©xico.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

AcciÃ³n exterior de Galicia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Setembro 1, 2011

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2011-09-01 00:00:00